

CONCERTO ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE PARA A UTILIZACIÓN DAS INSTITUCIÓNS SANITARIAS NA INVESTIGACIÓN E DOCENCIA UNIVERSITARIA

REUNIDOS

Dunha parte, Antonio Gómez Caamaño, conselleiro de Sanidade e Presidente do Servizo Galego de Saúde, nomeado por Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, e no exercicio das competencias atribuídas a teor do disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia.

E doutra, Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC), con CIF Q1518001A e sede social no Pazo de San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, 15782, Santiago de Compostela, nomeado mediante o Decreto 35/2022, do 17 de marzo, en representación desta e en virtude das facultades conferidas pola Lei Orgánica 2/2023, do Sistema Universitario, e do Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que a cada un lle están conferidas, recoñecéndose mutuamente a capacidade legal suficiente para o outorgamento deste Concerto, e a tal efecto

MANIFESTAN

I.- Que a Universidade de Santiago de Compostela e as Institucións Sanitarias de titularidade pública da Comunidade Autónoma de Galicia veñen colaborando na formación de estudantes no campo das Ciencias da Saúde.

Os resultados desta colaboración aconsellan o desenvolvemento dun marco normativo axeitado para a súa realización, para que, tendo en conta as necesidades asistenciais da poboación, os recursos do sistema sanitario poidan utilizarse plenamente para o desenvolvemento de programas docentes e investigadores da universidade no ámbito das ciencias da saúde, favorecendo a incorporación á docencia universitaria dos/as profesionais do Servizo Galego de Saúde e, reciprocamente, a incorporación a este do profesorado dos corpos docentes universitarios e do profesorado contratado da Universidade de Santiago de Compostela nas áreas da saúde.

II.- O artigo 104 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de Sanidade, determina que *“toda a estrutura asistencial do sistema sanitario debe estar en disposición de ser utilizada para a docencia pregraduada, posgraduada e continuada dos profesionais”*, para o cal as Universidades deberán contar con, como mínimo, un hospital e tres centros de atención primaria universitarios ou con función universitaria para o exercicio da docencia e a investigación.

Ademais, o artigo 105 da mesma Lei 14/1986 (modificado pola Disposición derradeira segunda da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario) determina que *“no marco da planificación asistencial e docente das Administracións Públicas, o réxime de concertos entre as Universidades e as institucións sanitarias poderá establecer a vinculación de determinadas prazas asistenciais e de saúde pública da institución sanitaria con calquera das modalidades de profesorado universitario”*.

Por outra banda, a Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, nos seus artigos 11 e 14, establece que toda a estrutura asistencial do sistema sanitario estará en disposición de ser utilizada para a investigación sanitaria e para a docencia das ensinanzas sanitarias que así o requiran, para o que poderán formalizarse concertos sanitarios, de acordo co réxime xurídico que se estableza.

III.- A antes citada Lei orgánica 2/2023 estableceu na súa Disposición derradeira novena (sobre bases reguladoras do réxime de concertos entre as universidades e institucións sanitarias) que corresponde ao Goberno, por proposta das persoas titulares dos Ministerios de Universidades e de Sanidade, previo informe do Consello de Universidades, establecer as bases xerais do réxime de concertos entre as universidades do sistema universitario español e as institucións sanitarias e establecementos sanitarios, nas que se deba impartir educación universitaria, a efectos de garantir a docencia práctica das titulacións en Ciencias da Saúde que así o requiran.

Nas ditas bases xerais preverase a participación das Comunidades Autónomas nos concertos que se subscriban entre universidades e institucións sanitarias.

IV.- Estas bases xerais establecéronse no Real Decreto 1558/1986, do 28 de xuño, polo que se establecen as bases xerais do réxime de concertos entre as Universidades e as Institucións sanitarias, e que contempla a existencia obrigatoria destes instrumentos:

“Artigo 1

Uno.– Las Universidades, para el cumplimiento en el ámbito sanitario de las funciones que el artículo 1.2 de la Ley Orgánica 11/1983, de 25 de agosto, de Reforma Universitaria, les encomienda, deberán disponer de Hospitales y otras Instituciones sanitarias para el desarrollo de sus programas investigadores y docentes de primero, segundo y tercer ciclo.

A tales efectos, las Universidades y las Administraciones Públicas responsables de las Instituciones sanitarias de titularidad pública deberán establecer los correspondientes conciertos para la utilización de estas últimas en la investigación y la docencia de la Medicina, la Enfermería, la Farmacia y las demás enseñanzas relacionadas con las ciencias de la salud, respetando las bases generales que se señalan en el presente Real Decreto y, en su caso, el régimen de conciertos que las Administraciones Públicas competentes en educación y sanidad puedan dictar, al amparo del artículo 104.3 de la Ley General de Sanidad, con sujeción, asimismo, a lo establecido en el presente Real Decreto.

Dos.– Las Universidades que estén autorizadas a impartir la licenciatura en Medicina y Cirugía deberán disponer, a los efectos previstos en el apartado anterior, al menos de un Hospital y tres Centros de atención primaria de carácter universitario, haciendo coincidir estas Instituciones con las de mayor calidad asistencial del ámbito geográfico correspondiente”.

As bases completáronse coas previsións establecidas na Orde do 31 de xullo de 1987, onde se fixaron os requisitos que deben reunir as Institucións Sanitarias que aspiren a ser concertadas coas Universidades.

V.- A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, no seu artigo 125.2, determina que *“o Sistema Público de Saúde de Galicia estará en disposición de ser aproveitado para a docencia de pregrao e de posgrao, conforme ao previsto na Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e na normativa reguladora das profesións sanitarias. Estableceranse a este efecto os convenios de colaboración que correspondan”.*

No artigo 126.2 da mesma Lei 8/2008, prevese que *“as universidades deberán contar, como mínimo, cun hospital e tres centros de atención primaria para o exercicio docente e investigador, concertados segundo o establecido polas disposicións vixentes”*.

VI.- O concerto asinado no ano 2001 coa Universidade de Santiago de Compostela establecía unha duración inicial de 5 anos, con posibilidade de prórroga, indicando a tal efecto que *“seis meses antes de que expire a duración do concerto, as institucións intervinientes terán que decidir respecto da súa prórroga por idéntico período ou a súa renegociación ou finalización. No suposto de non chegar a un acordo, considerarase automaticamente prorrogado ata o establecemento de novo acordo”*.

A partir dese momento, o convenio foise prorrogando sucesivamente.

A disposición adicional oitava da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, determina que os convenios que non tiveran determinado un prazo de vixencia ou que, existindo este, tiveran establecida unha prórroga tácita por tempo indefinido no momento da entrada en vigor desta lei, terán un prazo de vixencia de catro anos, a contar desde a entrada en vigor desta. Por esta razón, tendo en conta a necesidade da permanencia da colaboración establecida (prevista con carácter obrigatorio pola normativa citada), as dúas partes consideran necesario e prioritario manter a colaboración iniciada, co obxecto de non producir lesión ou menoscabo nos intereses cuxa satisfacción e protección ten encomendada tanto a administración sanitaria como o propio sistema universitario público, polo que cómpre establecer un novo concerto.

Por tanto, constituída a comisión redactora á que se refire la base 2.^a, apartado 3 do artigo 4 do Real Decreto 1558/1996, de 28 de xuño, e logo das sesións celebradas, as partes acordan asinar o presente Concerto entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Servizo Galego de Saúde, de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto e obxectivos xerais.

Mediante o presente Concerto regúlanse as relacións de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC) e o Servizo Galego de Saúde, para garantir a utilización da estrutura asistencial do Sistema Público de Saúde de Galicia na docencia e investigación dos estudos curriculares de ciencias da saúde ou especialidades sanitarias impartidos pola universidade, tanto nos estudos de grao coma nos de posgrao ou na formación continuada das e dos profesionais, e sempre que no cadro de persoal estrutural do Servizo Galego de Saúde exista persoal cualificado para impartir a formación demandada.

Os estudos da Universidade de Santiago de Compostela aos que se refire o parágrafo anterior figuran no **Anexo I** do presente Concerto. A inclusión ou, de ser o caso, exclusión de estudos no ámbito do presente Concerto non requirirá da súa modificación, sen prexuízo do correspondente acordo previo da Comisión Mixta de seguimento prevista no presente convenio.

Son obxectivos xerais do presente concerto, os seguintes:

a) Docentes.

- Promover e facilitar a máxima utilización dos recursos do Sistema Público de Saúde de Galicia para a docencia universitaria dos estudos relacionados no **Anexo I** que así o esixisen en atención á súa relación coas Ciencias da Saúde ou con especialidades sanitarias, tanto no ámbito de grao e posgrao, coma no da docencia continuada dos/as profesionais de ambas as institucións no plan de formación das disciplinas, materias e actividades prácticas indicadas, favorecendo a actualización dos mesmos e o proceso de mellora continua da calidade, así como a súa cualificación a nivel docente, asistencial e/ou investigador.
- Cooperar no mantemento da cualificación das/os profesionais da saúde e do profesorado universitario ao seu máis alto nivel, coidando a súa actualización e reciclaxe e favorecendo a calidade docente e asistencial.
- Intensificar a docencia posgraduada a través da colaboración, facilitando ao profesorado e ao persoal asistencial o acceso aos programas de doutoramento e impulsando a obtención da acreditación necesaria para optar ás prazas de profesorado universitario.
- Favorecer a docencia práctica mediante o desenvolvemento e utilización conxunta de laboratorios, aulas de simulación e outras infraestruturas e dotacións aptas para o seu uso docente.
- Facilitar e promover a oferta docente das titulacións de Ciencias da Saúde nun número de alumnado axeitado e suficiente para cubrir as necesidades asistenciais do Sistema Público de Saúde de Galicia nos vindeiros anos, de conformidade co que estableza o Goberno de Galicia respecto das necesidades de profesionais sanitarios, en función dos recursos dispoñibles na universidade.
- Poñer os recursos do Sistema Público de Saúde de Galicia ao dispor do alumnado da universidade para a realización dos traballos necesarios para a obtención dos graos e posgraos aos que se refire o presente concerto, sempre que o Servizo Galego de Saúde dispoña de persoal cualificado.

b) Asistenciais.

- Cooperar para que as investigacións e ensinanzas universitarias no campo das Ciencias da Saúde e outras vinculadas a especialidades sanitarias poidan utilizarse para a mellora constante da atención sanitaria, preservando en todo momento a unidade de funcionamento asistencial das Institucións Sanitarias.
- Prever a coincidencia entre a maior calidade asistencial e a consideración de institucións sanitarias de carácter universitario ou asociado á Universidade, no ámbito de influencia desta última.
- Aproveitar os coñecementos científicos do profesorado para unha mellor asistencia hospitalaria e de atención primaria.
- Adecuar a oferta de docencia universitaria das/os profesionais sanitarios, dentro do marco competencial vixente en cada momento, ás necesidades asistenciais, co fin de que estas queden cubertas actualmente e no futuro.

c) De investigación.

- Favorecer a investigación das Ciencias da Saúde mediante o desenvolvemento e utilización conxunta de unidades de investigación ou, no caso de que se acrediten, institutos de investigación, coa finalidade de conseguir a mellor utilización dos recursos humanos e materiais de ambas as institucións.

- Estimular as vocacións investigadoras, favorecendo a participación nos programas posdoutorais do persoal dos centros sanitarios.

Segunda.- Réxime xurídico.

O presente Concerto regularase polas cláusulas contidas no mesmo e, en todo o non previsto nelas, polo establecido no Real Decreto 1558/1986, do 28 de xuño, polo que se establecen as bases xerais do réxime de concertos entre as Universidades e as Institucións sanitarias, e polas demais disposicións concordantes.

Terceira.- Requisitos das institucións sanitarias.

Co obxecto de que a formación práctica do estudantado se realice contando con recursos sanitarios diversificados, o Servizo Galego de Saúde porá ao dispor da Universidade os hospitais, os servizos e as unidades de atención primaria, así como outras organizacións e dispositivos asistenciais específicos de provisión de servizos sanitarios e/ou asistenciais para os fins do presente Concerto que previamente se acorden no seo da Comisión Mixta de seguimento, e garantirá que os que se concertan en virtude deste instrumento cumpren os requisitos establecidos na base 3 do artigo 4 do Real Decreto 1558/1986, do 28 de xuño, e na súa normativa de desenvolvemento.

Para tal fin, no **Anexo II** ao presente concerto establécense as organizacións, centros e unidades que se concertan, co compromiso de facer públicas as sucesivas modificacións que, de ser o caso, se fagan do mesmo, previo acordo da Comisión Mixta de seguimento.

De conformidade co anterior, os dispositivos asistenciais, servizos hospitalarios e unidades ou centros de atención primaria do Sistema Público de Saúde de Galicia que se citan no **Anexo II** do presente documento quedan, por tanto, concertados para os fins docentes, asistenciais e de investigación relativos aos estudos e titulacións universitarias a que se refire o presente concerto, comprobado que reúnen os requisitos necesarios.

Os hospitais de referencia e as súas unidades ou centros de atención primaria poderán denominarse como *universitarios* cando o concerto inclúa o hospital no seu conxunto ou abranga polo menos o 75 % dos seus servizos e/ou unidades asistenciais. En caso contrario, a súa denominación será a de hospital, unidade ou centro de atención primaria *asociado* á Universidade.

Quedarán igualmente incluídas as organizacións e dispositivos asistenciais do Sistema Público de Saúde de Galicia que, posteriormente, se poidan crear conforme ao disposto na normativa sanitaria, e previo acordo da Comisión Mixta de seguimento.

Con idéntica finalidade, o Servizo Galego de Saúde e a Universidade poderán ofrecer outras estruturas propias, que se determinarán por parte da Comisión Mixta de seguimento.

Ambas as partes comprométense a potenciar as unidades e proxectos de investigación, sen prexuízo de que, previo acordo das mesmas, nun futuro poidan impulsarse outro tipo de accións de investigación e/ou convenios específicos de colaboración en materia de formación, investigación ou doutra índole con outras entidades vinculadas coa investigación no ámbito sanitario público galego.

Todas as unidades docentes das organizacións asistenciais ás que se refire a presente cláusula, ou aquelas outras que se poidan incorporar, quedan vinculadas á Universidade e garantirán a formación do seu alumnado para a impartición das ensinanzas ás que se refire o **Anexo I**.

Os hospitais universitarios non poderán estar vinculados por concerto ou convenio a máis dunha universidade para a impartición dunha mesma titulación, agás que concorran situacións excepcionais, nas que a universidade inicialmente conveniada deberá estar de acordo na ampliación a outra/s universidade/s da actividade dese hospital universitario. En todo caso, existirá a posibilidade de realización de prácticas académicas por outra universidade diferente da universidade vinculada baixo convenio específico e previa autorización da universidade vinculada.

Cuarta.- Dispositivos concertados.

Para o cumprimento dos obxectivos previstos neste Concerto e tendo en conta o número do alumnado das ensinanzas ás que se refire a cláusula primeira e o **Anexo I**, e os seus distintos plans de estudo e programas específicos de docencia vixentes, concértanse os dispositivos e estruturas das Institucións Sanitarias que se relacionan no **Anexo II**, adscribíndoas funcionalmente a efectos docentes aos correspondentes departamentos universitarios, de conformidade co establecido na base sexta do artigo 4.º do Real decreto 1558/1986, de 28 de xuño, polo que se establecen as bases xerais do réxime de concertos entre as Universidades e as Institucións sanitarias.

Estes dispositivos e estruturas constitúen o catálogo total de especialidades e ámbitos de coñecemento que se vinculan ou asocian, segundo os casos, no presente Concerto.

Esta correlación manterase e adecuarase ás necesidades docentes que, por disciplinas, se establezan nos plans de estudos e coa existencia de persoal cualificado para impartir a formación demandada nos cadros de persoal do Servizo Galego de Saúde.

Quinta.- Prazas vinculadas.

De conformidade co previsto no artigo 105 da Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, e co fin de garantir os obxectivos docentes e investigadores da Universidade nas ensinanzas ás que se refire a cláusula primeira do presente Concerto, as prazas asistenciais das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde que quedarán vinculadas con prazas docentes do cadro de persoal dos corpos docentes e categorías de profesorado universitario son as que se establecen no **Anexo III**, sen prexuízo das modificacións que nun futuro poidan adoptarse pola Comisión Mixta de seguimento.

A vinculación das ditas prazas dependerá da concorrência, en cada momento, das necesidades docentes e asistenciais ás que responde o presente Concerto, de maneira que a modificación da situación xurídica ou cesamento da relación de emprego da persoa que a desempeña coa Universidade ou a Institución Sanitaria non afectará, necesariamente, a dita vinculación.

Prevese expresamente a posibilidade de que ambas partes poidan acordar no seo da Comisión Mixta de seguimento a suspensión temporal da aplicación do concerto para determinadas prazas vinculadas, pola concorrência de causas obxectivas aceptadas polas partes e ratificadas pola Comisión Mixta, que determinará tamén o prazo máximo de suspensión, sen que a praza perda a condición de vinculada.

As prazas universitarias vincúlanse con servizos asistenciais, non existindo por tanto correspondencia entre os niveis profesionais docente e asistencial.

A promoción do profesorado vinculado nos ámbitos universitario e asistencial rexeráse polas normativas propias de cada un deles. En todo caso, nos procesos de promoción en cada un destes ámbitos teranse en conta os méritos acreditados no noutro.

Todas as prazas incluídas no **Anexo III** figurarán necesariamente nas relacións de postos de traballo da Universidade e no cadro de persoal estrutural do Servizo Galego de Saúde.

De conformidade cos Reais decretos 1558/1986, do 28 de xuño, e 1652/1991, do 11 de outubro, cando unha praza adquira o carácter de vinculada, considerarase para todos os efectos como un único posto de traballo e suporá para quen a ocupe o cumprimento das funcións docentes, investigadoras e asistenciais, nos termos que se establecen nos mencionados Reais decretos, ou nos que nun futuro se determinen en aplicación do disposto na lexislación aplicable, nunha mesma xornada de traballo.

A denominación do réxime de dedicación do profesorado con praza vinculada corresponderase co establecido para o profesorado dos corpos docentes universitarios. En consecuencia, existirán dous réximes de dedicación, malia que en ambos os casos a xornada sexa a establecida para o persoal con praza exclusivamente asistencial nos centros sanitarios públicos.

- A tempo completo, que comporta a exclusiva dedicación aos sistemas sanitarios e docentes públicos.
- A tempo parcial, que non comporta a exclusiva dedicación aos sistemas sanitarios e docentes públicos e que supón, por tanto, a posibilidade de compatibilizar a actividade docente e asistencial coa prestación de servizos no sector privado.

A dedicación horaria semanal da xornada de traballo de quen desempeñe unha praza vinculada será a establecida no Real decreto 1558/1986, do 28 de xuño, ou normativa de aplicación, de conformidade co seguinte:

- Seis horas semanais, como máximo, exclusivamente docentes, durante o período de actividade docente regrada, nas que se poderá incluír docencia teórica e práctica. O profesorado asumirá a responsabilidade directa do proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado que lle sexa asignado. O período de docencia regrada abranguerá desde o comezo do curso ata rematar o proceso de avaliación na materia segundo o calendario académico aprobado pola universidade. Non se computarán as dúas semanas do período vacacional do Nadal.
- Tres horas semanais, como máximo, de asistencia e titoría ao alumnado durante o período de actividade docente regrada, que poderá realizarse na Institución Sanitaria concertada.
- Vinte e cinco horas semanais, como mínimo, de asistencia sanitaria na correspondente Institución. Nestas horas poderá quedar incluída, de ser o caso, a docencia de práctica clínica e a función investigadora que impliquen actividade asistencial. A docencia práctica implicará, en todo caso, a responsabilidade directa da profesora ou profesor na aprendizaxe clínica do alumnado asignado.

O resto das horas da xornada semanal legalmente establecida, tanto no período lectivo coma no período non lectivo, dedicaranse á actividade investigadora que non implique actividade asistencial, así como, de ser o caso, á atención das necesidades de xestión e administración inherentes ao cargo ou posto de traballo que se desempeñe nos ámbitos docente e asistencial.

O conxunto das funcións docentes, investigadoras e asistenciais desenvolveranse nunha mesma xornada. En calquera caso, dentro das marxes que se sinalan nos puntos precedentes, a Comisión Mixta de seguimento establecerá, de ser o caso, as fórmulas de coordinación entre as distintas actividades ás que se refiren os puntos que anteceden, en función das necesidades docentes, asistenciais e investigadoras da Universidade e da Institución sanitaria.

As clases teóricas que deba impartir o profesorado vinculado desenvolveranse, preferentemente, nas primeiras e últimas horas da xornada laboral, ou no horario que supoña menor interferencia coa actividade asistencial.

Así mesmo, desde a institución sanitaria facilitaranse, cando a situación o requira, os medios necesarios co obxecto de que o profesorado poida compatibilizar a actividade asistencial cos seus compromisos docentes e/ou de investigación.

A convocatoria dos procesos selectivos para a cobertura das prazas vinculadas realizarase conxuntamente por ambas institucións e virá asinada polo/a reitor/a da universidade, sendo esta responsable da súa execución e da toma de posesión correspondente.

As convocatorias de prazas vinculadas realizaranse de conformidade co establecido no Real decreto 1558/1986, na Lei Orgánica 2/2023, do Sistema Universitario, no Real decreto 678/2023, polo que se regula a acreditación estatal para o acceso aos corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso a prazas dos ditos corpos, e no Regulamento de selección de profesorado da USC.

O acceso a postos de carácter directivo e de xefatura de unidade nas institucións sanitarias realizarase polos procedementos establecidos legal e regulamentariamente pola normativa estatutaria de aplicación.

Sen prexuízo da adscrición funcional da persoa candidata seleccionada á praza convocada, manterase en todo caso a vinculación no nivel básico da praza asistencial.

A cobertura das prazas de catedrático de universidade realizarase polo procedemento que a Universidade determine e resolverase de acordo coa normativa xeral de aplicación para a cobertura das ditas prazas.

Cando un/unha profesor/a ocupe unha praza vinculada e acceda por concurso a unha praza docente de categoría superior, na mesma área de coñecemento á que estaba adscrito/a, manterase a situación de praza asistencial vinculada.

En todo caso, informarase á comisión mixta da provisión dos referidos postos.

Será requisito indispensable para o acceso ás prazas vinculadas a que se refire este Concerto, estar en posesión do título de especialidade esixido para cada unha delas.

Unha vez adxudicadas as ditas prazas, a persoa que as desempeñe terá os dereitos e deberes inherentes á súa condición de docente da Universidade e de profesional sanitario da correspondente Institución Sanitaria concertada, conforme ao réxime xurídico que lle sexa de aplicación.

O réxime de vacacións, licenzas e permisos será o establecido na normativa que regula as condicións de traballo na Universidade. Non obstante, as solicitudes presentadas deberán ser previamente informadas favorablemente pola Institución Sanitaria na que preste os seus servizos.

A substitución do persoal docente con praza asistencial realizarase coa contratación de persoal interino en réxime de dedicación a tempo parcial para a súa actividade docente e de persoal sanitario para o desenvolvemento da actividade asistencial correspondente, podendo darse o caso de que o persoal docente só sexa substituído nunha das súas funcións.

O réxime disciplinario será o establecido con carácter xeral para o persoal docente da Universidade, sen prexuízo de que na instrución do expediente se deban adoptar as medidas necesarias para tomar en consideración todas as funcións correspondentes ao posto de traballo, é dicir, a función docente, investigadora e asistencial.

Os expedientes de compatibilidade resolveranse polo órgano competente da Universidade. Para a resolución dos ditos expedientes solicitarase informe á autoridade competente do Servizo Galego de Saúde.

A xubilación do persoal que desempeñe unha praza vinculada realizarase de conformidade co previsto na normativa específica universitaria.

O cambio de adscrición da actividade asistencial dunha praza vinculada a unha institución sanitaria distinta á que foi vinculada deberá ser aprobada pola Comisión Mixta.

Sexta.- Profesorado Asociado de Ciencias da Saúde

De conformidade co disposto no artigo 105 de la Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, e no Real decreto 1558/1986, do 28 de xuño, o presente Concerto establece o número de prazas de profesorado asociado de ciencias da saúde (en diante, PACS) pertencente ao cadro de persoal da Universidade, que obrigatoriamente se cubrirán por persoal das Institucións Sanitarias concertadas, nos termos do **Anexo IV**. En consecuencia, o presente concerto unicamente será aplicable ás categorías establecidas no citado Anexo IV, con exclusión expresa de calesquera outras.

Desde a institución sanitaria facilitaranse, dentro das obrigas asistenciais do profesorado asociado de ciencias da saúde, as condicións laborais precisas co obxecto de poder exercer a súa actividade docente.

As prazas de PACS deberán figurar na Relación de Postos de Traballo da Universidade, e este número non se terá en conta para os efectos das porcentaxes que estableza a normativa xeral en materia de Universidades.

O profesorado asociado de ciencias da saúde seleccionarase mediante concurso público e contratarase inicialmente por un período dun ano. Este contrato poderá renovarse por períodos de igual duración, previo informe favorable do Departamento correspondente.

Na Comisión Mixta acordarase un protocolo que facilite e axilice a tramitación da compatibilidade da actividade asistencial no Servizo Galego de Saúde coa actividade docente na Universidade.

Para proceder á prórroga dos contratos, ao remate de cada curso académico, a Comisión Mixta, segundo criterios obxectivos, e previo informe do departamento ao que estea adscrita a praza, avaliará o rendemento asistencial e docente do persoal contratado como profesorado asociado de ciencias da saúde, e poderá propoñer á Universidade, no caso de que a avaliación fose desfavorable, a non prórroga do contrato.

En todo caso, o profesorado asociado de ciencias da saúde cesará como tal cando, por calquera motivo, cause baixa na praza asistencial que ocupe na Institución Sanitaria concertada.

As convocatorias de prazas de profesorado asociado de ciencias da saúde, ás que se fai referencia no **Anexo IV**, resolveranse mediante o oportuno concurso de méritos entre o persoal sanitario da respectiva Institución Sanitaria concertada, de conformidade co procedemento e co baremo establecido no Regulamento de selección de profesorado da USC.

O persoal sanitario dos centros concertados que sexa contratado pola Universidade en réxime de profesorado asociado de ciencias da saúde percibirá a retribución establecida no correspondente convenio do persoal docente e investigador (PDI) laboral, ou a establecida pola Universidade para este tipo de persoal.

De conformidade co Real decreto 1558/1986, de 28 de xuño, ou norma que o substitúa ou desenvolva, o persoal asistencial contratado como profesorado asociado de ciencias da saúde desenvolverá o conxunto das súas actividades docentes e asistenciais nunha mesma xornada.

A dedicación horaria semanal da xornada de traballo do profesorado asociado de ciencias da saúde será a establecida no Real Decreto 1558/1986, de 28 de xuño, ou na normativa que resulte de aplicación, de conformidade co seguinte:

- Ata un máximo de tres horas semanais exclusivamente docentes, durante o período de actividade docente regrada, nas que se poderá incluír docencia teórica e práctica. O profesorado asumirá a responsabilidade directa no proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado que lle sexa asignado. O período de docencia regrada abranguerá desde o comezo do curso ata rematar o proceso de avaliación na materia segundo o calendario académico aprobado pola universidade. Non se computarán as dúas semanas do período non lectivo do Nadal.
- Ata un máximo de tres horas semanais de titoría ou asistencia ao alumnado, durante o período de actividade docente regrada, que se poderá realizar dentro da institución sanitaria concertada.
- O resto das horas da xornada semanal legalmente establecida dedicaranse á actividade asistencial, na que quedarán incluídas as horas de docencia práctica; esta implicará a responsabilidade directa do/a profesor/a na aprendizaxe clínica do alumnado que lle sexa asignado.

As clases teóricas que teña que impartir o profesorado asociado de ciencias da saúde desenvolveranse preferentemente nas primeiras e últimas horas da xornada laboral, ou no horario que supoña menor interferencia coa súa actividade asistencial.

A condición de profesorado asociado de ciencias da saúde considerarase como un criterio relevante na avaliación do nivel de carreira profesional dos/as profesionais sanitarios/as.

O Servizo Galego de Saúde considerará no marco dos sistemas de mobilidade do seu persoal asistencial os méritos precisos para o acceso a postos docentes.

No suposto de que algún profesor/a asociado/a de ciencias da saúde obteña por concurso unha praza de profesorado permanente laboral ou pertencente aos corpos docentes universitarios que non estea previamente vinculada, esta pasará a selo, previo acordo da Comisión Mixta e conforme ao previsto no presente Concerto, sempre que as necesidades asistenciais e docentes así o aconsellen, amortizándose o correspondente contrato de profesorado asociado de ciencias da saúde.

A Comisión Mixta adoptará medidas concretas para promover o desenvolvemento da carreira académica do profesorado asociado, especialmente no caso daquelas persoas que mostren un perfil docente e investigador.

Sétima.- Da planificación asistencial e docente.

Co fin de facer efectiva unha mellor coordinación entre as tarefas docentes, investigadoras e asistenciais, e respectando sempre o carácter preferente destas últimas, habilitarase nas Institucións Sanitarias concertadas a infraestrutura necesaria para estes fins (aulas, etcétera), de acordo coas necesidades docentes e investigadoras que deben ser atendidas polas Institucións Sanitarias concertadas.

As partes asinantes comprométense a revisar os servizos concertados en función das necesidades docentes e investigadoras que deben ser atendidas polo Servizo Galego de Saúde.

O alumnado que reciba as súas ensinanzas nunha institución concertada seguirá as regras de funcionamento e disciplina de ambas as institucións. Estará en todo caso cuberto pola póliza de responsabilidade civil concertada pola Universidade para cubrir os danos que puidera ocasionar pola realización das prácticas.

A Universidade utilizará as dependencias das Institucións Sanitarias concertadas para os fins establecidos no presente Concerto, coas limitacións propias das súas normativas de funcionamento interno.

Así mesmo, garantirase a infraestrutura necesaria para que o alumnado dispoña de acceso, entre outros, a espazos de descanso, a taquillas, vestiarios, comedores e cafetería. A Universidade será responsable da uniformidade e da identificación do alumnado de acordo coas normativas que con esta finalidade tivese establecido a dirección/xerencia do centro sanitario.

Garantirase a utilización dos servizos conxuntos de ambas as institucións, existentes ou de nova creación, para atender as necesidades docentes, asistenciais e de investigación do persoal do centro sanitario, do profesorado e alumnado (biblioteca, laboratorio de formación ou habilidades, salas informáticas etc.).

Oitava.- Acreditación da colaboración docente e investigadora.

De acordo coas directrices xerais do Real Decreto 1558/1986, de 28 de xuño, “todo servizo concertado serao na súa totalidade”.

Como recoñecemento da tarefa de colaboración na docencia universitaria, os/as profesionais sanitarios/as sen relación de servizo coa Universidade que participen habitualmente na dita docencia, terán dereito ao seu recoñecemento pola Universidade como “colaborador/a docente”:

A tal efecto, a Comisión Mixta establecerá os méritos docentes que darán lugar ao dito recoñecemento.

Estes recoñecementos realizaranse pola Universidade, de conformidade coa normativa reguladora destas figuras, e consideraranse como mérito para a súa valoración nos baremos para o acceso a prazas de profesorado asociado de ciencias da saúde ás que se refire o presente Concerto, facilitando ademais o acceso a programas de formación e servizos ofertados pola Universidade, así como para a súa valoración nos concursos de promoción interna e nos mecanismos de incentivación profesional que se establezan.

Ademais, o persoal a que se refire este apartado poderá facer constar este recoñecemento nas súas publicacións ou comunicacións científicas.

Así mesmo, as partes asinantes posibilitarán a colaboración en actividades de práctica clínica dos/as residentes en Ciencias da Saúde a partir da segunda metade do período de residencia, sempre baixo a supervisión do profesorado responsable das mesmas, labor que se certificará pola Universidade.

O persoal investigador contratado en servizos concertados que participe en investigacións dirixidas por profesorado vinculado poderá integrarse nun grupo de investigación da Universidade.

Novena.- Retribucións.

O persoal que ocupe praza vinculada percibirá todas as súas retribucións nunha única nómina que será aboada pola Universidade.

O persoal que ocupe praza vinculada e preste servizos en réxime de dedicación a tempo completo, sexa laboral ou funcionario, poderá percibir as retribucións complementarias que correspondan de acordo coa normativa de aplicación.

O persoal sanitario das institucións concertadas que sexa contratado pola Universidade en réxime de profesorado asociado de ciencias da saúde percibirá a retribución establecida no correspondente convenio para este tipo de persoal.

Décima.- Réxime de prevención e saúde no traballo.

En cumprimento do deber de cooperación previsto no Real Decreto 171/2004, do 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais, as partes asinantes comprométense a establecer, como medios de coordinación prioritarios, os previstos no artigo 11 apartados a) e d) do citado Real Decreto, consistente no intercambio de información e comunicacións, así como na impartición de instrucións e protocolos de actuación ou medidas específicas de prevención que teñan que ver co persoal suxeito ao Concerto.

Décimo primeira.- Da formación de posgrao universitario.

A Universidade poderá reservar nos programas de posgrao correspondentes para cada curso académico un mínimo de prazas, preferentemente a dedicación parcial, para o persoal sanitario das Institucións Sanitarias concertadas que teñan contrato docente ou que estean en período de formación de posgrao. A Universidade poderá facer uso de ditas prazas se, expirado o prazo de matrícula, non fosen solicitadas.

A Universidade poderá convalidar ao persoal sanitario das Institucións Sanitarias obxecto deste Concerto, que posúa o título de especialista e que tivera cursado un programa de formación especializada relacionado directamente cos programas de doutoramento, os cursos e seminarios a que se refire o Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanza universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade, nos termos que establece a base undécima, apartado dous do Real Decreto 1558/1986, do 28 de xuño.

Décimo segunda.- Comisións.

Créanse as seguintes Comisións:

- Comisión Mixta de seguimento.
- Comisión de investigación.

Décimo terceira.- Comisión Mixta de seguimento.

Dentro do mes seguinte á aprobación do presente concerto, constituirase unha comisión mixta Universidade-Sergas para interpretar e velar polo seu cumprimento, de conformidade co previsto no artigo 4, base sexta, do Real decreto 1558/1986.

A comisión mixta estará composta por un total de doce membros, que actuarán en representación da Universidade e o Servizo Galego de Saúde, en idéntica proporción por cada unha das entidades concertantes.

A composición da comisión mixta será a seguinte:

a) Por parte da Universidade:

- Reitor/a ou persoa en quen delegue.
- Cinco membros da universidade designados polo/a Reitor/a entre persoas que teñan responsabilidades na xestión da Universidade e das súas facultades, institutos, escolas ou departamentos implicados na impartición de ensinanza superiores en Ciencias da Saúde.

b) Por parte do Servizo Galego de Saúde:

- Persoa titular da Presidencia do organismo autónomo, ou persoa en quen delegue.
- Cinco membros designados pola persoa titular da Presidencia do organismo autónomo entre persoas titulares dos órganos directivos deste que teñan responsabilidades en materia de dirección, avaliación e control do organismo autónomo, asistencia sanitaria, recursos económicos e recursos humanos.

Se, por razón da modificación da estrutura orgánica do Sergas, se alterase a actualmente vixente, a composición da comisión mixta adaptárase correlativamente á nova estrutura orgánica que se cree.

Os membros da comisión, agás o/a Reitor/a e o/a presidente/a do Sergas, terán os seus respectivos suplentes, que serán designados pola máxima autoridade de cada unha das administracións representadas, o que deberá ser notificado á comisión mixta.

Cando os asuntos a tratar na orde do día afecten a centros concertados, deberá ser convocada á reunión a persoa que teña atribuída a dirección/xerencia dos mesmos, en cuxo caso terá voz e voto nos asuntos que lle afecten, respectando a composición numérica da citada comisión.

A Comisión mixta disporá do seu propio regulamento interno de funcionamento.

Reunirase con carácter ordinario cada semestre e con carácter extraordinario cando o decida a Presidencia, por propia iniciativa ou a instancia de, como mínimo, tres dos seus membros.

Mediante acordo, a Comisión Mixta poderá constituír subcomisións de composición paritaria para o desenvolvemento das súas funcións, especialmente aquelas relacionadas coa coordinación, ás que poderá encomendar, nos asuntos da súa competencia, a preparación, análise e elaboración de propostas, plans, memorias, estudos, ditames e tarefas de natureza análoga. En calquera caso, para seren efectivas, as súas decisións requirirán da ratificación da Comisión Mixta.

A Comisión Mixta, e, de ser o caso, as súas subcomisións, constituiranse, convocaranse e celebrarán as súas sesións, adoptarán os seus acordos e remitirán as súas actas, presencialmente ou a distancia, de conformidade co ordenamento xurídico vixente.

A Comisión Mixta poderá, así mesmo, designar unha persoa do Servizo Galego de Saúde, que actuará como interlocutor/a entre este e a Universidade naquelas cuestións relativas á formación de grao e posgrao dos estudos aos que se refire a cláusula primeira do presente Concerto.

Para a válida constitución da Comisión será necesaria a convocatoria previa e a asistencia, presencial ou a distancia, de Presidente/a, Secretario/a, ou, de ser o caso, das persoas que os substitúan, e, cando menos, da metade dos seus integrantes, de conformidade co previsto no artigo 17.2 de la Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, en relación co artigo 19 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Actuarán como presidente/a da comisión mixta o/a Reitor/a da universidade, ou persoa na que delegue, e a persoa que ocupe a Presidencia do Sergas, ou persoa na que delegue, de forma alternativa, con carácter anual, desde a data da constitución da comisión.

A Presidencia estará asistida por un secretario/a de actas, con voz pero sen voto, que será persoal funcionario ou estatutario da Administración sanitaria, nomeado pola comisión mixta, por proposta do Sergas, previo informe do reitor/a.

A Comisión adoptará, con carácter xeral, os acordos co voto favorable de dous terzos dos membros asistentes da comisión. A persoal titular da Secretaría de actas custodiará toda a documentación xerada pola actividade da comisión mixta e comunicará os acordos adoptados e as actas asinadas ás partes atinxidas.

A Comisión terá as seguintes funcións:

a) Velar pola correcta aplicación e interpretación do Concerto e resolver, conforme ao establecido pola normativa universitaria e sanitaria, as lagoas que puideran xurdir no dito ámbito.

b) Adoptar os acordos de actualización dos anexos do presente Concerto, e dispor, de ser o caso, sobre a súa publicación oficial a través do órgano competente.

c) Desenvolver mediante protocolos de actuación as obrigas e dereitos dos servizos concertados respecto da docencia universitaria e respecto da participación de ambas as institucións nos procedementos aprobados, sen contravir o contido do concerto.

d) Elaborar informes e estudos relativos á forma de reducir, ampliar ou transformar, de acordo a criterios obxectivos, o número de prazas de profesorado destinado ao persoal das Institucións sanitarias concertadas, sen prexuízo da propia autonomía da Universidade nesta materia.

A tal fin, entre outras accións, promoverá a realización de teses de doutoramento e a obtención das acreditacións necesarias para a progresión na carreira académica do persoal asistencial e a súa vinculación de conformidade co presente Concerto, así como a colaboración para o desenvolvemento de programas de doutoramento en áreas clínicas, especialmente nas que teñan déficit de doutores/as.

e) Revisar a relación das prazas vinculadas do Anexo III, dentro das dispoñibilidades orzamentarias existentes, previa a tramitación, de ser o caso, polos órganos competentes dos procedementos de creación das prazas asistenciais e/ou docentes que se vaian vincular para dar cumprimento aos obxectivos deste Concerto.

f) Propoñer, de ser o caso, á Universidade a ampliación ou redución das prazas de profesorado asociado de ciencias da saúde que figuran no Anexo IV, para, dentro das dispoñibilidades orzamentarias da Universidade, dar cumprimento aos obxectivos deste Concerto.

g) Formular propostas en relación cos requisitos e o baremo de méritos para a selección do profesorado asociado de ciencias da saúde, dentro do marco previsto na normativa de Universidades e nas súas disposicións de desenvolvemento, e de conformidade cos Estatutos da Universidade e a súa normativa propia.

h) Aprobar, de ser o caso, un plan coordinado para a realización das prácticas clínicas de grao e posgrao universitario e garantir o mellor aproveitamento na utilización dos recursos sanitarios para a docencia. En todo o referente á formación de especialistas, o presente Concerto suxeitarase á lexislación vixente que lle afecte.

i) Propoñer as fórmulas de coordinación entre as actividades docentes, investigadoras e asistenciais, entre os estudos de grao e posgrao, así como entre as distintas instancias docentes que integran a Universidade (Facultades, Departamentos) e asistenciais do Servizo Galego de Saúde.

En particular, e con esta finalidade, poderá establecer os protocolos necesarios de actuación nas organizacións asistenciais concertadas para garantir a colaboración na actividade docente e investigadora universitaria.

j) Propoñer as fórmulas de participación nos órganos de goberno dos centros da Universidade que imparten os estudos obxecto do Concerto e na dirección das Institucións Sanitarias concertadas, sempre de acordo coas normas xerais que sexan de aplicación para cada institución.

k) Elevar ás Institucións asinantes, propostas de investimento para poder atender os obxectivos deste Concerto.

l) Propoñer ao órgano competente en cada caso a incoación dos expedientes informativos e disciplinarios que procedan, nos supostos de presunto incumprimento ou inaxeitado desempeño das funcións docentes ou asistenciais encomendadas ao persoal facultativo a que se refire o presente Concerto, todo isto sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos polos regulamentos de réxime disciplinario ou procedemento sancionador que en cada caso resulten de aplicación.

m) Propoñer as modificacións a este Concerto que resulten pertinentes, en función do seguimento realizado durante o curso académico. As modificacións acordadas incorporaranse como anexo ao presente Concerto.

n) Determinar, antes de cada convocatoria de prazas de profesorado asociado de ciencias da saúde, por proposta do departamento ao que estea adscrita, a especialidade que dentro do respectivo ámbito asistencial deberán ter os/as candidatos/as que aspiren a ocupalas.

ñ) Realizar o seguimento, avaliación e control do Concerto.

o) Promover o establecemento de protocolos para a cobertura temporal das prazas de profesorado vinculado e asociado nos supostos de substitución ou vacante.

p) Establecer as prioridades e realizar o seguimento de proxectos aprobados, enmarcados nas prioridades da Lei 3/1986, do 14 de abril, Orgánica de Medidas Especiais en Materia de Saúde Pública, da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de Sanidade, e na Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación.

q) Informar ás direccións das Institucións Sanitarias concertadas da política de bolsas, contratos e proxectos de investigación financiados por outras Institucións, que se realicen nas mesmas.

r) Propoñer o necesario para o axeitado seguimento deste Concerto.

Para o cumprimento das súas funcións, a Comisión Mixta será informada dos traballos de investigación e teses de doutoramento que o alumnado de posgrao realice nos centros concertados, así como os recursos físicos, humanos e económicos de que dispón a tal efecto. Así mesmo, promoverá a integración de departamentos e grupos de investigación universitarios nos proxectos de investigación en Ciencias da Saúde.

Décimo cuarta.- Comisión de investigación.

A comisión de investigación estará integrada por cinco profesores/as con vinculación permanente da área de ciencias da saúde por proposta da Universidade e cinco profesores/as doutores/as con funcións asistenciais, por proposta do Servizo Galego de Saúde. Todos os membros estarán en posesión do grao de doutor/a.

Garantirase a representación na dita comisión das persoas responsables das comisións de investigación dos centros ou institucións concertadas ou que no futuro se adscriban ao ámbito do presente concerto.

A comisión de investigación constituirase no prazo de seis meses desde a constitución da Comisión mixta.

A comisión de investigación estará presidida por un/unha profesor/a-doutor/a con funcións asistenciais, nomeado/a polo Servizo Galego de Saúde, de acordo coa persoa titular do Reitorado da universidade, por un período máximo de catro anos.

Para a válida constitución da comisión de investigación esixirase, previa convocatoria, a asistencia de, como mínimo, a maioría simple de cada unha das partes.

Para a adopción de acordos, unha vez constituída, requirirase como regra xeral o voto favorable de oito dos seus membros, agás que expresamente se determine outra cousa.

A Presidencia da comisión estará asistida por un/unha secretario/a de actas, persoal da administración sanitaria, designado/a polo Servizo Galego de Saúde previo informe do/a reitor/a. A persoa titular da secretaría non terá a condición de membro da comisión.

A persoa titular da Secretaría de actas custodiará toda a documentación xerada pola actividade da comisión de investigación e comunicará os acordos adoptados e as actas asinadas ás partes atinxidas.

Son funcións da comisión de investigación:

- a) Confeccionar e supervisar o inventario dos recursos e necesidades de investigación.
- b) Realizar o seguimento da actividade investigadora no ámbito do presente concerto.
- c) Artellar fórmulas de coordinación da actividade investigadora desenvolvida nos distintos centros concertados.
- d) Elaborar unha memoria anual da actividade realizada, o grao de execución do orzamento e dos traballos realizados, que será presentada ante a comisión mixta.
- e) Avaliar os programas e traballos científicos que se propoñan para o seu financiamento con cargo aos fondos previstos, emitindo os correspondentes informes técnicos e económicos.
- f) Diseñar as liñas básicas da investigación bio-sanitaria.
- g) Propoñer á comisión mixta os programas concretos de investigación que se considere necesario desenvolver, no ámbito deste concerto.
- h) Propoñer e promover a integración de departamentos de ciencias básicas da saúde nos proxectos de investigación que se considere oportuno.
- i) Colaborar e facilitar a información recíproca sobre a política de bolsas, contratos e proxectos de investigación que leven a cabo as institucións incluídas no ámbito do presente concerto.
- j) Propoñer a participación e colaboración dos/as profesores/as de departamentos básicos coas unidades de investigación dos centros concertados.
- k) Propoñer a adscrición temporal ás unidades de investigación da Universidade de profesionais sanitarios non vinculados nin asociados de acordo coa normativa de aplicación na Universidade.

l) Sen prexuízo das atribucións encomendadas aos comités éticos das súas institucións, realizar o seguimento dos programas de investigación a fin de que se axusten ás normas éticas e deontolóxicas en materia de ensaios clínicos.

m) Propoñer a colaboración con outros proxectos de investigación.

Para facilitar a xeración de equipos conxuntos de investigación, e sen prexuízo do cumprimento das tarefas docentes e asistenciais que lles correspondan aos profesores asociados e colaboradores pertencentes aos servizos concertados, as institucións concertadas recoñécenlles:

- A capacidade de acceso aos medios materiais, instrumentais e institucionais de investigación na mesma medida que o persoal propio.

- O dereito a acceder ás fontes de financiamento da investigación das institucións concertadas.

O persoal investigador en formación das institucións concertantes poderá realizar o seu traballo de investigación indistintamente en calquera delas en función das necesidades do seu programa, de acordo coas normas dos departamentos e servizos. Do mesmo xeito, o persoal investigador en formación dos servizos concertados poderá equipararse co da universidade, de acordo coa normativa e as condicións que estableza a Universidade.

Décimo quinta.- Reserva de prazas.

A Universidade, de acordo co establecido na base undécima do artigo 4 do Real decreto 1558/1986, de 28 de xuño, comprométese a reservar, como mínimo, o 25 por cento de prazas nos seus programas de doutoramento no ámbito das ciencias da saúde para o persoal sanitario das institucións concertadas, xa sexa para facultativos/as con contrato docente de posgrao, coma de plantilla e, en todo caso, a organizar programas de doutoramento específicos para as ditas institucións.

Con este mesmo fin, a universidade, de acordo coa súa normativa, poderá recoñecer os cursos e seminarios asignándolles os créditos que correspondan nos respectivos programas de doutoramento. Así mesmo, establecerá módulos de convalidación de créditos para o persoal facultativo con contratos docentes de posgrao.

Décimo sexta.- Coordinación e representación.

Establecerase a participación dunha persoa representante do Servizo Galego de Saúde no Consello de Goberno da universidade cando se vaian tratar temas relacionados co presente concerto.

En correspondencia, a Universidade participará nos órganos de dirección do Complexo Hospitalario de referencia na Área Sanitaria, garantindo o desempeño da Subdirección competente en materia de Investigación e Docencia por un/unha profesor/a con praza vinculada e/ou profesor/a asociado/a con praza asistencial, nos termos establecidos polo Real decreto 1558/1986, do 28 de xuño, designado pola persoa titular da Consellería de Sanidade, a proposta do/a reitor/a, durante un período de dous anos prorrogables por acordo expreso.

A Universidade designará, previa comunicación ao Servizo Galego de Saúde, as persoas coordinadoras da docencia universitaria para cada curso académico nas institucións concertadas. Estes/as coordinadores/as serán nomeados entre profesorado da Universidade que presten servizos na

respectiva institución sanitaria. Estas persoas terán voz e voto na comisión de dirección cando os asuntos a tratar afecten á docencia que a Universidade desenvolve no centro.

Décimo sétima.- Biblioteca.

As partes comprométese a facilitar o acceso aos recursos bibliográficos no ámbito das ciencias da saúde de que dispoñan, co obxecto de poder satisfacer as necesidades docentes, asistenciais e de investigación do profesorado, alumnado e persoal das institucións sanitarias.

Sen prexuízo do anterior, garántese a utilización das bibliotecas existentes nos centros asistenciais docentes para as necesidades antes indicadas, así como as da Universidade. Ambas as institucións asegurarán a dotación e mantemento das súas respectivas bibliotecas.

Igualmente, coa mesma finalidade posibilitarase a utilización de animalarios con fins docentes e de investigación, por parte da Universidade, nos termos que autorice a dirección do centro respectivo.

Décimo oitava.- Réxime económico financeiro do concerto.

A contribución do Servizo Galego de Saúde aos custos de persoal derivados do presente concerto realizarase de conformidade cos criterios de financiamento e compensación orzamentaria seguintes:

- a) En consonancia cos termos de dedicación de xornada laboral dos/as profesionais ás tarefas asistenciais que se establecen no presente concerto, o Servizo Galego de Saúde aportará a contía resultante de aplicar a porcentaxe do setenta por cento sobre os conceptos retributivos fixos e periódicos que non teñan carácter persoal, establecidas na normativa retributiva do persoal estatutario do organismo autónomo.
- b) Así mesmo, o Servizo Galego de Saúde achegará a contía resultante de aplicar a porcentaxe do tres con corenta por cento (3,40%) sobre o importe obtido, conforme ao disposto no apartado a) anterior, en concepto de compensación polos desaxustes financeiros que na dita contribución se poidan producir.
- c) Ademais das cantidades resultantes da aplicación do previsto no apartado anterior, o Servizo Galego de Saúde transferirá á universidade, para a súa acreditación en nómina, as cantidades que correspondan en concepto de incentivos ao rendemento, conceptos derivados da antigüidade que fosen recoñecidos polo Servizo Galego de Saúde ou aqueles que procedan pola participación dos profesionais en quendas de garda, atención continuada ou en programas especiais de natureza asistencial, nos termos establecidos para o persoal estatutario do organismo autónomo.
- d) O Servizo Galego de Saúde financiará á universidade o cincuenta por cento do custe empresarial das cotizacións ao réxime xeral da Seguridade Social do persoal que desempeñe praza vinculada que, conforme á normativa de aplicación, quede incluído no dito réxime.

De acordo co anterior, o Servizo Galego de Saúde transferirá mensualmente as cantidades que se determinen en concepto de compensación.

Para iso, o Servizo Galego de Saúde, procederá do seguinte xeito:

- O Servizo Galego de Saúde remitirá antes do día 10 de cada mes á Universidade certificacións acreditativas tanto da execución do concerto relativa ao período mensual de referencia, aos efectos do

financiamento establecido nos apartados a), b) e d), coma das cantidades devindicadas polas incidencias referidas no apartado c) correspondentes ao mes anterior, todo isto aos efectos da correcta elaboración da nómina por parte da Universidade.

- Simultaneamente, o Servizo Galego de Saúde adoptará as medidas necesarias para formalizar a transferencia das cantidades correspondentes a cada mensualidade, conforme aos termos de financiamento establecidos e aos datos obrantes nas certificacións ás que se fixo referencia no parágrafo anterior.

- Por períodos trimestrais procederase á liquidación das diferenzas entre as cantidades transferidas en cada trimestre e o gasto relativo ás retribucións correspondentes pola actividade asistencial do persoal que desempeñe as prazas vinculadas no dito período.

Esta liquidación aboarase ou descontarase no pagamento mensual inmediato seguinte á mesma.

O importe correspondente ás obrigas que, como consecuencia deste concerto, deba asumir o Servizo Galego de Saúde imputarase con cargo á aplicación 2223 15 71 440.0 do orzamento de gastos do Servizo Galego de Saúde.

Décimo novena.- Causas de resolución do Concerto.

Son causas de resolución do presente concerto as seguintes:

- a) O transcurso do prazo de vixencia previsto sen terse acordado a prórroga do mesmo.
- b) O acordo das partes asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Concerto.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista na lexislación vixente.

Vixésima.- Prazo.

Este concerto terá efectos desde a data da súa sinatura e manterá a súa vixencia durante catro anos. Ambas as partes poderán acordar a súa prórroga mediante acordo escrito, de conformidade co disposto no artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Tres meses antes de que expire a duración do concerto as institucións asinantes terán que decidir respecto da súa prórroga, renegociación ou finalización.

Vixésimo primeira.- Transparencia.

De conformidade coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, coa Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a sinatura do presente concerto suporá o consentimento expreso á Administración Autonómica para incluír e facer públicos os datos referidos ao presente acordo nos Rexistros de

Convenios da Xunta de Galicia, polo que se dará publicidade deste acordo de conformidade co que establecen as disposicións aplicables na materia.

Vixésimo segunda.- Natureza e xurisdición competente.

O presente concerto ten natureza administrativa e as cuestións litixiosas que puideran xurdir serán competencia da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Sen prexuízo do anterior, a Comisión Mixta está facultada para velar pola correcta aplicación e interpretación do concerto, así como para resolver as dúbidas que puideran xurdir na súa interpretación e aplicación.

Vixésimo terceira.- Protección de datos de carácter persoal.

As partes declaran expresamente a súa vontade de sometemento, respecto e cumprimento, no marco da colaboración mutua que promoven, ás prescricións do ordenamento xurídico aplicable en materia de protección de datos; en concreto, ás previsións da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, e do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello (Regulamento xeral de protección de datos).

Cada parte tratará e xestionará os seus datos de forma separada. No caso de tratamento conxunto de datos persoais e nos supostos de encargos de tratamento entre as partes, asinaranse os correspondentes documentos que regulen a relación xurídica que proceda.

Vixésimo cuarta.- Derrogación do concerto anterior

Coa entrada en vigor deste concerto derrógase a prórroga para o 2025-2026 do concerto asinado no ano 2001.

ANEXO I. ESTUDOS

CAMPUS	CENTRO UNIVERSITARIO	TITULACIÓN GRAO/POSGRAO
SANTIAGO DE COMPOSTELA	Facultade de Enfermaría	Grao en Enfermaría
	Facultade de Farmacia	Grao en Farmacia
	Facultade de Medicina e Odontoloxía	Grao en Medicina
	Facultade de Medicina e Odontoloxía	Grao en Odontoloxía
	Facultade de Óptica e Optometría	Grao en Óptica e Optometría
	Facultade de Psicoloxía	Grao en Psicoloxía
	Facultade de Bioloxía	Máster Universitario en Neurociencia
	Facultade de Enfermaría	Máster Universitario en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados
	Facultade de Enfermaría	Máster Universitario en Xerontoloxía
	Facultade de Farmacia	Máster Universitario en Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos
	Facultade de Medicina e Odontoloxía	Máster Universitario en Condicionantes Xenéticos, Nutricionais e Ambientais do Crecemento e Desenvolvemento NUTRENVIGEN G+D Factors
	Facultade de Medicina e Odontoloxía	Máster Universitario en Investigación Biomédica
	Facultade de Medicina e Odontoloxía	Máster Universitario en Prevención e Abordaxe Multidisciplinar das Drogodependencias e Condutas Aditivas
	Facultade de Medicina e Odontoloxía	Máster Universitario en Saúde Pública
	Facultade de Óptica e Optometría	Máster Universitario en Optometría
	Facultade de Psicoloxía	Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria
	Facultade de Psicoloxía	Máster Universitario en Psicoxerontoloxía
	Escola de Doutoramento Internacional	Programa de Doutoramento en Avances e Novas Estratexias en Ciencias Forenses
	Escola de Doutoramento Internacional	Programa de Doutoramento en Avances en Bioloxía Microbiana e Parasitaria
	Escola de Doutoramento Internacional	Programa de Doutoramento en Ciencias da Visión
	Escola de Doutoramento Internacional	Programa de Doutoramento en Ciencias Odontolóxicas
	Escola de Doutoramento Internacional	Programa de Doutoramento en Endocrinoloxía
	Escola de Doutoramento Internacional	Programa de Doutoramento en Epidemioloxía e Saúde Pública
	Escola de Doutoramento Internacional	Programa de Doutoramento en Innovación en Seguridade e Tecnoloxías Alimentarias
	Escola de Doutoramento Internacional	Programa de Doutoramento en Investigación Clínica en Medicina
	Escola de Doutoramento Internacional	Programa de Doutoramento en Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos
	Escola de Doutoramento Internacional	Programa de Doutoramento en Medicina Molecular
	Escola de Doutoramento Internacional	Programa de Doutoramento en Neurociencia e Psicoloxía Clínica
LUGO	Escola Universitaria de Enfermaría	Grao en Enfermaría
	Facultade de Ciencias	Grao en Nutrición Humana e Dietética

ANEXO II. CENTROS

1. Quedan concertados para os fins docentes, asistenciais e de investigación relativos ao conxunto das titulacións de grao, máster e doutoramento mencionadas no anexo I os seguintes hospitais, unidades e centros sanitarios:

a) Área Sanitaria de Santiago-Barbanza: Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, Hospital Público de Barbanza, 56 centros de saúde, 4 Casa do mar, 12 consultorios e 18 Puntos de Atención Continuada (PAC).

b) Área Sanitaria de Lugo-A Mariña-Monforte: Complexo Hospitalario Universitario de Lugo, Hospital Público da Mariña e Hospital Público de Monforte, 73 centros de saúde, 1 CIS, 9 consultorios e 18 Puntos de atención continuada (PAC).

2. Para o Grao en Medicina, quedan concertados, ademais dos mencionados anteriormente, os seguintes hospitais, unidades e centros sanitarios:

a) Área Sanitaria da Coruña-Cee: Complexo Hospitalario Universitario A Coruña, Hospital Público de Cee, 3 centros de especialidade, 59 centros de saúde, 12 consultorios e 13 Puntos de Atención Continuada (PAC).

b) Área Sanitaria de Ferrol: Complexo Hospitalario Universitario Ferrol, 24 centros de saúde, 4 consultorios e 8 Puntos de atención continuada (PAC).

c) Área Sanitaria de Ourense-Verín-O Barco: Complexo Hospitalario Universitario Ourense, Hospital Público de Valdeorras, Hospital Público de Verín, 99 Centros de Saúde, 5 Consultorios e 14 Puntos de Atención continuada (PAC).

d) Área Sanitaria de Pontevedra, Salnés: Complexo Hospitalario Universitario Pontevedra, Hospital Público do Salnés, 40 Centros de Saúde, 1 Casa do mar e 9 Puntos de Atención continuada (PAC).

e) Área Sanitaria de Vigo: Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, 45 Centros de Saúde, 4 Consultorios e 10 Puntos de Atención continuada (PAC).

ANEXO III. PRAZAS VINCULADAS

Relación de prazas vinculadas

Área Sanitaria de Santiago-Barbanza

Categoría Universitaria	Área de coñecemento	Praza para vincular	Categoría orzament.	Nº prazas	Especialidade
CATEDRATICO/A DE UNIVERSIDADE	Anatomía e Embrioloxía Humana	P.V. ODONTOESTOMATÓLOGO/A A.P.	VSF-A1-243	1	Odontoloxía
CATEDRATICO/A DE UNIVERSIDADE	Anatomía Patolóxica	P.V. ADXUNTO/A ESPECIALISTA ÁREA SEN C.E.	VSF-A1-15	2	Anatomía Patolóxica
PROFESOR/A TITULAR DE UNIVERSIDADE	Anatomía Patolóxica	P.V. ADXUNTO/A ESPECIALISTA ÁREA SEN C.E.	VSF-A1-15	1	Anatomía Patolóxica
CATEDRATICO/A DE UNIVERSIDADE	Cirurxía	P.V. XEFE/A SERVIZO SEN C.E.	VSF-A1-05	1	Anestesioloxía, Reanimación e Tratamento da Dor
PROFESOR/A PERMANENTE LABORAL	Cirurxía	P.V. ADXUNTO/A ESPECIALISTA ÁREA SEN C.E.	VSF-A1-15	1	Anxioloxía e Cirurxía Vascular
CATEDRATICO/A DE UNIVERSIDADE	Cirurxía	P.V. XEFE/A SERVIZO SEN C.E.	VSF-A1-05	1	Cirurxía Cardíaca
PROFESOR/A PERMANENTE LABORAL	Cirurxía	P.V. ADXUNTO/A ESPECIALISTA ÁREA SEN C.E.	VSF-A1-15	1	Cirurxía Xeral e do Aparello Dixestivo
PROFESOR/A TITULAR DE UNIVERSIDADE	Cirurxía	P.V. XEFE/A SECCIÓN SEN C.E.	VSF-A1-13	1	Cirurxía Xeral e do Aparello Dixestivo
CATEDRATICO/A DE UNIVERSIDADE	Cirurxía	P.V. XEFE/A SECCIÓN SEN C.E.	VSF-A1-13	1	Cirurxía Xeral e do Aparello Dixestivo
PROFESOR/A PERMANENTE LABORAL	Cirurxía	P.V. ADXUNTO/A ESPECIALISTA ÁREA SEN C.E.	VSF-A1-15	1	Neurocirurxía
PROFESOR/A TITULAR DE UNIVERSIDADE	Cirurxía	P.V. XEFE/A SECCIÓN SEN C.E.	VSF-A1-13	1	Neurocirurxía
PROFESOR/A TITULAR DE UNIVERSIDADE	Dermatoloxía	P.V. ADXUNTO/A ESPECIALISTA ÁREA SEN C.E.	VSF-A1-15	1	Dermatoloxía
PROFESOR/A PERMANENTE LABORAL	Enfermaría	P.V. ENFERMEIRO/A CONSULTA EXTERNA HOSPITAL	VS-A2-25	1	Coidados de Enfermaría
CATEDRATICO/A DE UNIVERSIDADE	Enfermaría	P.V. XEFE/A SECCIÓN SEN C.E.	VSF-A1-13	1	Pediatría
CATEDRATICO/A DE UNIVERSIDADE	Estomatoloxía	P.V. XEFE/A SERVIZO SEN C.E.	VSF-A1-05	1	Cirurxía Maxilofacial
CATEDRATICO/A DE UNIVERSIDADE	Estomatoloxía	P.V. ODONTOESTOMATÓLOGO/A A.P.	VSF-A1-243	1	Odontoloxía
PROFESOR/A TITULAR DE UNIVERSIDADE	Estomatoloxía	P.V. ODONTOESTOMATÓLOGO/A A.P.	VSF-A1-243	1	Odontoloxía
PROFESOR/A TITULAR DE UNIVERSIDADE	Estomatoloxía	P.V. ADXUNTO/A ESPECIALISTA ÁREA SEN C.E.	VSF-A1-15	1	Odontoloxía
PROFESOR/A TITULAR DE UNIVERSIDADE	Fisioloxía	P.V. ADXUNTO/A ESPECIALISTA ÁREA SEN C.E.	VSF-A1-15	1	Neurofisioloxía Clínica
CATEDRATICO/A DE UNIVERSIDADE	Histoloxía	P.V. ADXUNTO/A ESPECIALISTA ÁREA SEN C.E.	VSF-A1-15	1	Anatomía Patolóxica
PROFESOR/A TITULAR DE UNIVERSIDADE	Medicina	P.V. XEFE/A SERVIZO SEN C.E.	VSF-A1-05	1	Alergoloxía
CATEDRATICO/A DE UNIVERSIDADE	Medicina	P.V. XEFE/A SERVIZO SEN C.E.	VSF-A1-05	1	Aparello Dixestivo

PROFESOR/A CONTRATADO/A DOUTOR/A	Medicina	P.V. MÉDICO/A XERAL A.P. C1 E2 F1 G1	VSF-A1-207	1	Atención Primaria
CATEDRATICO/A DE UNIVERSIDADE	Medicina	P.V. XEFE/A SERVIZO SEN C.E.	VSF-A1-05	1	Cardioloxía
PROFESOR/A TITULAR DE UNIVERSIDADE	Medicina	P.V. ADXUNTO/A ESPECIALISTA ÁREA SEN C.E.	VSF-A1-15	1	Endocrinoloxía, Nutrición e Dietética
PROFESOR/A PERMANENTE LABORAL	Medicina	P.V. XEFE/A SECCIÓN SEN C.E.	VSF-A1-13	1	Hematoloxía Clínica
PROFESOR/A CONTRATADO/A DOUTOR/A	Medicina	P.V. ADXUNTO/A ESPECIALISTA ÁREA SEN C.E.	VSF-A1-15	2	Medicina Interna
PROFESOR/A TITULAR DE UNIVERSIDADE	Medicina	P.V. ADXUNTO/A ESPECIALISTA ÁREA SEN C.E.	VSF-A1-15	2	Medicina Interna
CATEDRATICO/A DE UNIVERSIDADE	Medicina	P.V. XEFE/A SECCIÓN SEN C.E.	VSF-A1-13	1	Medicina Interna
CATEDRATICO/A DE UNIVERSIDADE	Medicina	P.V. ADXUNTO/A ESPECIALISTA ÁREA SEN C.E.	VSF-A1-15	1	Medicina Interna
PROFESOR/A PERMANENTE LABORAL	Medicina	P.V. XEFE/A SERVIZO SEN C.E.	VSF-A1-05	1	Neuroloxía
PROFESOR/A TITULAR DE UNIVERSIDADE	Medicina	P.V. XEFE/A SERVIZO SEN C.E.	VSF-A1-05	1	Oncoloxía Médica
PROFESOR/A TITULAR DE UNIVERSIDADE	Medicina	P.V. XEFE/A SERVIZO SEN C.E.	VSF-A1-05	1	Pneumoloxía
PROFESOR/A TITULAR DE UNIVERSIDADE	Medicina	P.V. ADXUNTO/A ESPECIALISTA ÁREA SEN C.E.	VSF-A1-15	1	Pneumoloxía
PROFESOR/A TITULAR DE UNIVERSIDADE	Medicina	P.V. XEFE/A SERVIZO SEN C.E.	VSF-A1-05	1	Reumatoloxía
PROFESOR/A TITULAR DE UNIVERSIDADE	Medicina Preventiva e Saúde Pública	P.V. XEFE/A SERVIZO SEN C.E.	VSF-A1-05	1	Medicina Preventiva e Saúde Pública
PROFESOR/A TITULAR DE UNIVERSIDADE	Microbioloxía	P.V. ADXUNTO/A ESPECIALISTA ÁREA SEN C.E.	VSF-A1-15	1	Microbioloxía
CATEDRATICO/A DE UNIVERSIDADE	Oftalmoloxía	P.V. ADXUNTO/A ESPECIALISTA ÁREA SEN C.E.	VSF-A1-15	1	Oftalmoloxía
PROFESOR/A TITULAR DE UNIVERSIDADE	Oftalmoloxía	P.V. XEFE/A SECCIÓN SEN C.E.	VSF-A1-13	1	Oftalmoloxía
PROFESOR/A TITULAR DE UNIVERSIDADE	Otorrinolaringoloxía	P.V. ADXUNTO/A ESPECIALISTA ÁREA SEN C.E.	VSF-A1-15	2	Otorrinolaringoloxía
PROFESOR/A TITULAR DE UNIVERSIDADE	Otorrinolaringoloxía	P.V. XEFE/A SERVIZO SEN C.E.	VSF-A1-05	1	Otorrinolaringoloxía
CATEDRATICO/A DE UNIVERSIDADE	Pediatría	P.V. XEFE/A SERVIZO SEN C.E.	VSF-A1-05	2	Pediatría
CATEDRATICO/A DE UNIVERSIDADE	Pediatría	P.V. ADXUNTO/A ESPECIALISTA ÁREA SEN C.E.	VSF-A1-15	1	Pediatría
PROFESOR/A TITULAR DE UNIVERSIDADE	Psiquiatría	P.V. ADXUNTO/A ESPECIALISTA ÁREA SEN C.E.	VSF-A1-15	3	Psiquiatría
CATEDRATICO/A DE UNIVERSIDADE	Radioloxía e Medicina Física	P.V. ADXUNTO/A ESPECIALISTA ÁREA SEN C.E.	VSF-A1-15	2	Radiodiagnóstico
PROFESOR/A TITULAR DE UNIVERSIDADE	Radioloxía e Medicina Física	P.V. XEFE/A SERVIZO SEN C.E.	VSF-A1-05	1	Radiofísica e Protección Radiolóxica
PROFESOR/A CONTRATADO/A DOUTOR/A	Traumatoloxía e Ortopedia	P.V. ADXUNTO/A ESPECIALISTA ÁREA SEN C.E.	VSF-A1-15	1	Cirurxía Ortopédica e Traumatoloxía
PROFESOR/A CONTRATADO/A DOUTOR/A	Uroloxía	P.V. XEFE/A SECCIÓN SEN C.E.	VSF-A1-13	1	Uroloxía

Área Sanitaria de Vigo

Categoría Universitaria	Área de coñecemento	Praza para vincular	Categoría orzamen.	Nº prazas	Especialidade
PROFESOR/A PERMANENTE LABORAL	Pediatría	P.V. XEFE/SA SERVIZO SEN C.E.	VSF-A1-05	1	Pediatría

ANEXO IV

Relación de prazas de profesorado asociado de ciencias da saúde

Área coñecemento	Área sanitaria	Número prazas
Anatomía Patolóxica	Santiago-Barbanza	3
Bioquímica e Bioloxía Molecular	Santiago-Barbanza	1
Cirurxía	Santiago-Barbanza	26
Dermatoloxía	Santiago-Barbanza	5
Enfermaría	Santiago-Barbanza	49
Farmacía e Tecnoloxía Farmacéutica	Santiago-Barbanza	1
Medicina	Santiago-Barbanza	53
Medicina Preventiva e Saúde Pública	Santiago-Barbanza	3
Microbioloxía	Santiago-Barbanza	2
Obstetricia e Xinecoloxía	Santiago-Barbanza	11
Oftalmoloxía	Santiago-Barbanza	6
Otorrinolaringoloxía	Santiago-Barbanza	7
Pediatría	Santiago-Barbanza	14
Personalidade, Avaliación e Tratamento Psicolóxico	Santiago-Barbanza	2
Psiquiatría	Santiago-Barbanza	5
Radioloxía e Medicina Física	Santiago-Barbanza	9
Traumatoloxía e Ortopedia	Santiago-Barbanza	7
Uroloxía	Santiago-Barbanza	4
Cirurxía	A Coruña-Cee	5
Dermatoloxía	A Coruña-Cee	1
Medicina	A Coruña-Cee	9
Obstetricia e Xinecoloxía	A Coruña-Cee	2
Oftalmoloxía	A Coruña-Cee	1
Otorrinolaringoloxía	A Coruña-Cee	1
Pediatría	A Coruña-Cee	3
Psiquiatría	A Coruña-Cee	2
Radioloxía e Medicina Física	A Coruña-Cee	1
Traumatoloxía e Ortopedia	A Coruña-Cee	1
Uroloxía	A Coruña-Cee	1
Cirurxía	Ferrol	1
Medicina	Ferrol	1
Obstetricia e Xinecoloxía	Ferrol	1
Pediatría	Ferrol	1
Psiquiatría	Ferrol	1

Cirurxía	Lugo-A Mariña-Monforte	2
Medicina	Lugo-A Mariña-Monforte	3
Obstetricia e Xinecoloxía	Lugo-A Mariña-Monforte	1
Pediatría	Lugo-A Mariña-Monforte	1
Personalidade, Avaliación e Tratamento Psicolóxico	Lugo-A Mariña-Monforte	1
Psiquiatría	Lugo-A Mariña-Monforte	1
Traumatoloxía e Ortopedia	Lugo-A Mariña-Monforte	1
Cirurxía	Ourense-Verín-O Barco	1
Dermatoloxía	Ourense-Verín-O Barco	1
Medicina	Ourense-Verín-O Barco	2
Obstetricia e Xinecoloxía	Ourense-Verín-O Barco	1
Pediatría	Ourense-Verín-O Barco	1
Personalidade, Avaliación e Tratamento Psicolóxico	Ourense-Verín-O Barco	2
Psiquiatría	Ourense-Verín-O Barco	1
Traumatoloxía e Ortopedia	Ourense-Verín-O Barco	1
Cirurxía	Pontevedra-Salnés	2
Dermatoloxía	Pontevedra-Salnés	1
Medicina	Pontevedra-Salnés	2
Personalidade, Avaliación e Tratamento Psicolóxico	Pontevedra-Salnés	1
Psiquiatría	Pontevedra-Salnés	1
Cirurxía	Vigo	7
Dermatoloxía	Vigo	1
Medicina	Vigo	13
Obstetricia e Xinecoloxía	Vigo	2
Oftalmoloxía	Vigo	1
Otorrinolaringoloxía	Vigo	1
Pediatría	Vigo	2
Personalidade, Avaliación e Tratamento Psicolóxico	Vigo	1
Psiquiatría	Vigo	2
Radioloxía e Medicina Física	Vigo	1
Traumatoloxía e Ortopedia	Vigo	1
Uroloxía	Vigo	1